

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais son competencia de..?

- A) Son competencia das Comunidades Autónomas.
- B) Son competencia compartida entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
- C) Son competencia exclusiva do Estado
- D) Son competencia dos Concellos.

2. Segundo a Lei Galega reguladora do consentimento informado, o consentimento deberá solicitarse por?

- A) O profesional non sanitario designado no centro sanitario.
- B) O auxiliar de enfermaría designado en el centro sanitario.
- C) O médico designado polo centro sanitario para a atención do paciente ou polo que practique a intervención diagnóstica ou terapéutica do propio paciente.
- D) Non se precisa consentimento informado en ningún caso.

3. ¿Según la Ley 3/2001, de 28 de mayo, reguladora del consentimiento informado y de la historia clínica de los pacientes, está permitido el acceso a la historia clínica de terceras personas?

- A) O acceso por outras persoas distintas ao paciente á información contida na historia clínica haberá de estar xustificado pola atención sanitaria do mesmo.
- B) Só pode acceder o médico que rexistre a información.
- C) A historia clínica é de acceso libre.
- D) Á historia clínica só pode acceder o médico e o paciente.

4. O persoal estatutario dos servizos de saúde vén obrigado a:?

- A) Manter debidamente actualizados os coñecementos e aptitudes necesarios para o correcto exercicio da profesión ou para o desenvolvemento das funcións que correspondan ao seu nomeamento, a cuxo fin os centros sanitarios facilitarán o desenvolvemento de actividades de formación continuada.
- B) Á libre sindicación.
- C) Á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional, na forma en que prevexan as disposicións en cada caso aplicables.
- D) Á xubilación nos termos e condicións establecidas nas normas en cada caso aplicables.

5. Entre os dereitos fundamentais da Constitución Española está?

- A) O dereito a intimidade persoal e familiar
- B) O dereito a sanidade
- C) O dereito a ter un traballo
- D) O dereito a ter unha vivenda

6. Segundo o artigo 17 do Estatuto de Autonomía, ante quen responde politicamente a Xunta de Galicia?

- A) Ante o Parlamento de forma solidaria
- B) Ante o pobo de Galicia
- C) Ante o Congreso dos Diputados
- D) Nas eleccións á Comunidade Autónoma

7. O réxime xeral de situacións do persoal estatutario fixo non comprende unha das seguintes situacións:

- A) Servizo activo.
- B) Suspensión de funcións.
- C) Excedencia voluntaria.
- D) Baixa por maternidade.

8. O artigo 94 da Lei de Saúde de Galicia establece como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde?

- A) A introdución de novas técnicas e procedementos diagnósticos e terapéuticos, sen necesidade da previa avaliación dos mesmos en termos de eficacia, seguridade, custo e impacto desde o punto de vista bioético
- B) O goberno, dirección e xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios privados.
- C) A prestación directa de asistencia sanitaria nos seus propios centros, servizos e establecementos ou nos adscritos ao servizo.
- D) O desenvolvemento dos programas de actuación non sanitaria.

9. Entre os sistemas de selección, para persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, está:

- A) El contrato de persoal laboral.
- B) Solo la entrevista persoal.
- C) El sistema de Médico Interino Residente.
- D) Sistema extraordinario de selección.

10. Entre as competencias e facultades dos Delegados de Prevención está:

- A) Colaborar coa dirección da empresa na mellora da acción non preventiva.
- B) Promover e non fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- C) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- D) Non existen os Delegados de Prevención.

Preguntas de reserva

1. Para poder participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo será preciso reunir, entre outros, un dos seguintes requisitos:

- A) Estar en posesión da titulación esixida na convocatoria ou en condicións de obtela antes de realizar o exame.
- B) Estar en posesión da titulación esixida na convocatoria ou en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- C) Estar en posesión da titulación esixida na convocatoria ou en condicións de obtela antes de tomar posesión.
- D) Estar en posesión da titulación esixida na convocatoria ou en condicións de obtela antes da fase de concurso.

2. Segundo o artigo 43 da Constitución Española, a quen lle corresponde fomentar a educación sanitaria?

- A) Ó Ministerio de Educación
- B) Ós poderes públicos
- C) Non contempla o concepto de educación sanitaria
- D) A cada Comunidade Autónoma